# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 40 | Abril de 2021 | PRECIO 2 EUROS



A Plisán oferta 250.000 m² de solo empresarial con prezos bonificados
Páxina 3

Conclúe a rehabilitación da Casa Cultural de Arnoso
Páxina 5

Reordenación da mobilidade na contorna do complexo deportivo e o centro de saúde
Páxina 8

Proxecto para a mellora da mobilidade peonil no barrio do ferrocarril de Arbo
Páxina 9

A Cañiza estrea o seu Parque Central
Páxina 10

Mondariz avanza na construción dun centro de trituración para xestión de biomasa
Páxina 11





## Ponteareas proxecta humanizar a contorna da Praza de Bugallal

Páxina 5

## Portugal - Alto Minho


Parque de estacionamento da Cova do Cão em Monção
Páxina 12

Troço da Ecopista "Onde Portugal Começa" em execução
Páxina 13

Relâmpago mata 68 cabras em Arcos de Valdevez
Páxina 14

Maestro Lourenço Cruz volta a ser premiado internacionalmente
Páxina 15








# Saneamento en Ermitas e Couto (Salvaterra) e Toucedo en Alxén

O Concello de Salvaterra de Miño segue coas obras de ampliación da rede de saneamento municipal, e nesa liña ven de iniciar as obras nos barrios de Ermitas e Couto, na parroquia de Salvaterra, e no barrio de Toucedo na parroquia de Alxén, con cargo o Plan Concellos 2020.

As actuacións que se están realizando consisten na limpeza, corte e demolición de firme, complementando a rede de servizos existentes mediante a execución da rede de saneamento na zona e a reposición das gabias. As tres actuacións executadas nos Barrios de Salvaterra e Alxén teñen como fin último dotar de saneamento ás vivendas que non posúen dito servizo, para que se poidan conducir as augas residuais ao colector xeral para o seu posterior tratamento. A obra consiste na canalización de tuberías de PVC destinadas á rede de saneamento incluíndo todas as actuacións complementarias: escavacións, pozos de rexistros nos puntos necesarios da nova rede e reposicións.

Está previsto executar 782 metros de tubería de PVC de 250 mm de diámetro nominal e a instalación de 20 pozos de rexistro nos puntos necesarios do novo colector. Os tramos a executar fluirán en colectores existentes, polo que as vivendas poderán conectarse á rede de saneamento actual unha vez rematada a obra, cun prazo de execución de dous meses.

O presuposto desta obra ascende á cantidade de 72.319,92€



que levará a cabo O Concello a través do Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra.

# Aprobación inicial do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño ven de acordar no Pleno do 29 de marzo de 2021 a aprobación inicial do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Salvaterra, onde se recolle entre outros a definición de camiños públicos e bens municipais.

A situación sanitaria imposibilita que se poidan facer reunións nas parroquias informando do mesmo, polo que dende o Concello ponse a disposición de todos os seus veciños e veciñas o inventario para revisar e presentar as alegacións pertinentes na páxina web do Concello (ftp://ftp1.concellodesalvaterra.gal/INVENTARIO/INV_PDF/ - utilizar navegador explorer ou mozilla), ademais os mapas e as fichas estarán a disposición no Salón de Plenos ou en secretaria do Concello.

O prazo de alegacións será de dous meses dende a súa publicación no BOP, o xoves 15 de abril.

# O CPA Condado de Salvaterra campión Galego de Grupos Show Junior



O pasado 10 de Abril celebrouse en Salceda de Caselas o Campionato Galego de Grupos Show Junior e Cuartetos, alí, o Club Patinaxe Artistica Condado, coa coreografía Unidade 630 revalidaba o título de Campión Galego na modalidade de Grupos Junior. Con esta vitoria, o grupo junior conseguía praza para participar no próximo Campionato de España que se celebrará en Alcoy o 7 e 8 de Maio.

Este galardón súmase aos xa obtidos en pasadas edicións, tendo así na súa palmarés o ouro no Campionato Gallego do 2016, 2018, 2020 e 2021 e converténdose dun dos clubs referencia da patinaxe artística galega.

En segunda posición rematou o Ribex de Tui coa coreografía Culpable? e en terceira o Club Ribeira de Ribeira coa coreografía O famoso roubo en rosa.

Na modalidade de cuartetos, ouro para o Club Axel de Arteixo coa coreografía Renacer; prata para o C. P Alquimia de Carral con Tentación e terceira posición para o Club Ribeira coa coreografía Querido Avó.



SALVATERRA DE MIÑO

# Os promotores da Plisan acordan ofertar 250.000 m$^2$ de solo empresarial con prezos bonificados

A Xunta de Galicia, a Autoridade Portuaria e Zona Franca acaban de acordar que 250.000 m2 de solo empresarial da Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves (Plisan) sairán á venda con prezos bonificados. Así o decidiron os tres promotores desta área loxística e industrial na reunión da comisión de seguimento na que apostaron por manter as condicións do anterior concurso de venda.

Así, tras o acordo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo iniciará de xeito inmediato -a vindeira semana- a redacción dos pregos nos que se fixarán as condicións de comercialización deste solo empresarial, ao que se lle aplicará a política de incentivos ás empresas posta en marcha pola Xunta e que permitirá mobilizar en 2021 un total de 8 millóns de euros.

Nesta liña, os tres promotores destacaron a necesidade de favorecer o asentamento de novas empresas na Plisan, sobre todo no contexto de crise sanitaria a nivel mundial. Segundo incidiron, trátase da bolsa de chan industrial máis importante de Galicia e, neste sentido, valoraron o seu carácter estratéxico para poder competir con Portugal.

A conselleira de Medio Ambiente trasladou aos restantes promotores que na actualidade hai demanda de solo e interese por parte das empresas en asentarse nesta área loxística e industrial.

Nese sentido, augurou poder acadar as cifras de adxudicación do anterior concurso, o de 2019, cando se fixo unha poxa pública de máis de 350.000 m2 correspondentes a 45 parcelas, ou o que é o mesmo, se adxudicou un 20% do solo da Plisan, a un prezo competitivo.

Recordou que ese consenso, acordo que se renova, permitiu vender solo empresarial a un prezo que oscilou entre os 51 euros/m2 e os 70 euros/m2. Reiterou que estas condicións se manterán no vindeiro concurso, polo que a conselleira agradeceu o esforzo dos restantes promotores



da Plisan por sumarse ás políticas de incentivos do Goberno galego; sobre todo nun momento como o actual, no que as empresas e os traballadores están a sufrir as consecuencias económicas da covid-19.

Por último, o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Jesús Vázquez Almuiña, tamén informou sobre o plan de conexión ferroviaria coa Plataforma e, neste sentido, lembrou que xa se presentou un proxecto construtivo a este respecto a ADIF. Os tres promotores mostraron o seu interese por participar no Proxecto de apoio ao transporte sostible e dixital do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

## Mellora da pavimentación en Bugallal e Cernadas, na parroquia de Lira



As obras consisten na mellora da pavimentación de dous camiños municipais que se atopan actualmente nun avanzado estado de deterioro, polo que se fará una renovación completa da capa de rodadura. Para a pavimentación definitiva estenderase e compactarase unha capa de rodadura de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 Surf 50/70 D.

Coas obras que se expoñen neste proxecto preténdese mellorar o servizo que ofrecen os camiños, xa que son viais moi empregados polos veciños e veciñas da zona.

Por un lado executarase unha limpeza de marxes coa apertura de cunetas ao longo dos 388 metros de actuación e seguidamente estenderase e compactarase unha capa de 5cm de espesos de mestura bituminosa nun total de 1.320,65 m2..

O Presuposto para a execución desta obra ascende á cantidade de 20.434,40€, que O Concello de Salvaterra de Miño levará a cabo a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

## A Deputación aproba o convenio con Salvaterra para mellorar a seguridade nos accesos ao CEIP Leirado

O Goberno provincial vén de aprobar o convenio co concello para investir máis de 214.000 € na seguranza viaria e mellora da mobilidade peonil deste tramo da EP-4006

A Deputación de Pontevedra dá os primeiros pasos para mellorar a mobilidade peonil e a seguridade viaria nos accesos ao CEIP Leirado de Salvaterra pola estrada provincial EP-4006, que une As Neves e Ponteareas. Deste xeito, a Xunta de Goberno da institución provincial vén de aprobar o convenio co concello a través do cal se investirán máis de 214.000 € para dar resposta á unha das demandas histórica de Salvaterra.

A través deste convenio actuarase entre o punto quilométrico 5+900 e a conexión coa PO-402 que da acceso ao CEIP Leirado, mellorando a seguridade viaria e a mobilidade peonil nun tramo que presenta, na actualidade, escasas beirarrúas e cunetas non transitables. Deste xeito, e dando resposta ás inquedanzas da veciñanza da vila, crearase un camiño escolar seguro cara o centro escolar e traballarase na redución da velocidade no tramo seguindo o modelo de mobilidade sostible e segura da Deputación nas estradas provinciais

Máis polo miúdo, a actuación contempla executar un paso sobreelevado para dar acceso ao seu alumnado de forma segura así como a redución da velocidade do tráfico rodado aos 30 quilómetros por hora, á altura do colexio. Tamén se construirá unha senda peonil de 2,5 metros de ancho dende o CEIP ata o cruce coa PO-402, crearase unha beirarrúa de formigón coloreado para dar continuidade ao itinerario peonil existente no inicio do treito antigo e, na marxe esquerda, unha beiravía. Amais, a reforma comprende unha zona de estacionamento de autobuses segura e ben delimitada á beira do colexio, a execución dunha nova capa de rodaxe e novo pavimento, pintado e sinalización horizontal e vertical.

### Obradoiro de emprego "Salvaterraemprega"

O concello de Salvaterra ven de convocar un obradoiro local de emprego. Toda a información está na páxina web do concello.

Nas bases se determina o procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección das persoas que serán contratadas, como persoal directivo, docente e de apoio, para o proxecto denominado "Salvaterraemprega", subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

# Editorial

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco



## Soños de (res) pública

Este 14 de abril cumpríuse o 90º aniversario da proclamación da República en 1931. No 2021 da pandemia, a conmemoración obrigou a celebrar baixo outras formas e non coas multitudinarias concentracións de costume. Pero a onomástica non pasa por debaixo da mesa se reflexionamos sobre o actual momento político español.

Tanto no discurso, nos slogans como nas mensaxes dalgunhas formacións políticas, respíranse certos aires de polarización que rememoran o período 1931-1936. Vexamos casos como a elección da Comunidade de Madrid prevista para o próximo 4 de maio. A presidenta Isabel Díaz-Ayuso fala abertamente da loita "da liberdade contra o comunismo". Paralelamente, un acto de VOX en Vallecas terminou con enfrontamentos e cargas policiais. En Madrid celebrouse fai semanas un acto abertamente fascista. En Cartaxena, unha sé de PODEMOS foi atacada e incendiada.

A que se debe este clima de radicalización política? Por qué estas manifestacións de violencia política cando a sociedade o que precisa é do consenso ante unha crise sanitaria, vacinas mediante, que estoupa contra todos os sectores? Por qué hoxe volve a falarse tan aberta e incluso de xeito tan simplista de "comunistas" e de "fascistas"? Por qué volve ao ruedo político a dicotomía entre "republicanos" e "monárquicos"? Está ou non en xuízo o réxime do 78?

Hai descontento social, si, pero contra unha clase política que non semella estar á altura das circunstancias. E aquí paga a pena reflectir se, neste 2021, o debate político en España está preparado para asumir a posibilidade dunha elección sobre o réxime constitucional vixente. Se seguir co réxime monárquico parlamentario de 1978 ou mudar cara un sistema republicano.

Está España preparada para unha República? É isto un reclamo social latente, inevitable? E se o está, para qué tipo de República? Como se manifestan eses efectos de acción e de reacción? O réxime do 78 é, de facto, un sistema estrañamente híbrido entre monarquía borbónica, parlamentarismo burgués e república a retazos, en cámara lenta? Ou será que mais ben os españois demandan outro contrato social, político, constitucional e institucional, mais xusto e igualitario, mais adaptado aos retos históricos que se albiscan neste trepidante século XXI?

Da nosa herdanza do dereito romano provén o vocablo latín de res pública, literalmente "a cosa pública", xerme etimolóxico da palabra "república". O seu uso refire igualmente ao de "ben común", un concepto que igualmente herdamos da filosofía platónica e da antiga Grecia. A república, por tanto, somos (ou deberíamos ser) todos os cidadáns, e isto nos leva a outra definición esencial da ciencia política: a de cidadanía, o feito de ser cidadán. Asumir esta realidade supón un exercicio de compromiso e de reflexión sobre o manexo da "cosa pública" e o efecto de cidadanía.

Todas estas interrogantes planean nun momento difícil para a política e a sociedade española. A polarización, alimentada por discursos demagogos e oportunistas, cobra forza. Hai, si, soños de República, pero tamén os hai de carácter reaccionario. A nosa clase política debe, primeiro, comprender as complexidades desta crise, tanto socioeconómica e sanitaria como política e cultural. E despois debe pulsar e definir cal é o verdadeiro termómetro que define a temperatura da sociedade española actual. Estamos preparados? Amanecerá e veremos.

## Abril, mes dos libros en Ponteareas

A Concellaría de Cultura do Concello de Ponteareas, para celebrar o Día Mundial do Libro e o Dereito de Autor -que se conmemora o 23 de abril-, levará a cabo unha serie de presentacións de obras de autoras vinculadas co municipio da Vila do Tea. O propósito é, para alén de homenaxear o soporte principal a través do que se comunica a cultura, destacar a importancia dunha creación "literaria" propia que chega a través de diferentes xéneros: ensaio, poesía (para todas as idades) e novela.

Os actos de presentación desenvolveranse todos na sala multiúsos do auditorio municipal. O ciclo de presentacións iníciase o 15 de abril co libro de Anabel Antela Castro A lingua galega no sector téxtil. Visión, opinión e posición da xeración millenial galega. Seguirá o sábado 17, da man da autora Hortensia Bautista e da súa ilustradora Aurora Quinteiro, para descubrir Bambán de vento, unha proposta para o público infantil e xuvenil. O xoves 22, a poeta Teresa Ríos Noya presenta a seu primeiro poemario Non estamos preparados para medrar. O día 29 de abril, Yaiza Cameselle falará sobre a súa primeira obra La guerra de Elisabeth. E, para clausurar este ciclo, Alexandro Bouzó presentará a súa primeira novela: Pensamiento contrafáctico, o día 30 de abril.

"Nestes intres, en Ponteareas, a creación literaria está vivindo unha etapa de esplendor coa aparición de autoras e autores novos que abarcan os distintos eidos das letras. Para nós, esta é a actividade que pecha o ciclo que abrimos cos obradoiros de escrita creativa que levamos realizando dende o ano 2015 -agora mesmo en funcionamento un sobre escrita teatral que guía a dramaturga covelense Laura Porto- e que alimentamos convocando diferentes certames e premios de creación literaria e investigación e publicando volumes cos textos premiados" sinala o edil de Cultura, o nacionalista Fernando Groba Bouza.




FORO A PENEIRA

**Director:** *Guillermo Rodríguez Fdez.*
*T.658 58 50 49*
*guillermo@novasdoeixoatlantico.com*

**Tradución e corrección:** *Montserrat Rodríguez*
*cursosespanhol.cep@gmail.com*

**Edita:** *Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.*
*Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD*
*(36860 PONTEAREAS - GALIZA)*
*T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com*
**Imprime:** *Publicacions Tameiga S.L.*
**Publicidade:** *Dpto. propio e axencias*
*x.foroapeneira@gmail.com*
**Deseño e maquetación:** *Fran Eiró*

**Colaboradores:** *Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.*

**Depósito legal:** *VG 226-2018*

# O Concello conclúe as obras de rehabilitación da Casa Cultural de Arnoso



A alcaldesa en funcións de Ponteareas, Cristina Fdez. Davila, vén de facer entrega das chaves da Casa Cultural de Arnoso á asociación veciñal encargada da súa xestión, unha vez concluídas as obras de rehabilitación e mellora do edificio nas que o goberno local investiu máis de 100.000 euros dos fondos que lle corresponden a Ponteareas a través do Plan Concellos.

Davila sinalou que “con este investimento logramos a impermeabilización do edificio, solucionando os problemas de filtracións de auga ao interior tras realizar o illamento térmico e colocar un sistema de recollida de augas perimetrais. Así mesmo, substituíuse a carpintería exterior para completar a mellora na eficiencia enerxética”.

A alcaldesa nacionalista explicou que, ademais, “a modificación da distribución interior do edificio permite distintos usos para esta instalación cun mellor aproveitamento do espazo”.

A superficie de entrada pechouse para acoller un vestíbulo interior calefactado que servirá tamén de sala de reunións, contando cunha porta que permite illala do resto da estrutura. O almacén converteuse nun baño adaptado ao que se pode acceder dende calquera sala do interior ou directamente dende o exterior, e o bar conta con armarios como zona de almacenaxe organizada.

Co obxectivo de acadar a accesibilidade universal do edificio, interviuse tamén nos seu accesos exteriores, construíndo unha nova rampla e modificando as escaleiras existentes. O edificio conta agora con dúas entradas independentes.

A alcaldesa en funcións lembrou que, ademais, “o Concello adquiriu a única finca sen edificar situada xunto á Casa Cultural actual, co obxectivo de ampliar as instalacións para que o edificio poida contar no futuro cun salón de actos”.

Cristina Fdez. Davila manifestou que se trata dunhas actuacións “que responden á demanda das veciñas e veciños de Arnoso, e que continúan a liña de compromiso e colaboración do goberno local coas parroquias ponteareás e as súas Casas Culturais, iniciada no 2015”

# Ponteareas divulga a figura de Bouza-Brey polo seu 120 aniversario



O Concello de Ponteareas, a través da súa Concellaría de Cultura que dirixe Fernando Groba, está facéndolle chegar marcapáxinas a todos os centros educativos e pousavasos a todas as cafetarías para divulgar e lembrar Fermín Bouza-Brey, un dos persoeiros máis importantes da nosa literatura con motivo do 120 aniversario do seu nacemento.

O autor de Nao senlleira e Seitura, iniciador da corrente vangardista do neotrobadorismo -tendencia que despois cultivarían Álvaro Cunqueiro ou Xosé María Álvarez Blázquez-, naceu na vila do Tea o 31 de marzo de 1901. Foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos en 1923, chegou a ser membro da Real Academia Galega en 1941 e, en 1992, dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Os pousavasos, para alén de seren coleccionábeis por conteren diferentes textos e modelos, posúen tamén un código QR que, de aplicarlle un lector dixital, redirecciona a unha páxina web que contén e amplía a información sobre este célebre escritor ponteareán.

# Ponteareas proxecta humanizar na contorna da Praza de Bugallal




No marco da Rede Ágora, promovida pola Deputación de Pontevedra, e da súa liña de subvencións convocada recentemente para a redacción de proxectos de humanización, o Concello de Ponteareas aposta por elaborar un proxecto de reforma e mellora urbana das rúas do entorno da Praza de Bugallal.

O Concello quere optar a unha subvención máxima de 50.000 euros para redactar os proxectos dirixidos a humanizar as rúas Constitución, Concha Brey, Senén Canido e un tramo de Reveriano Soutullo, Vidales Tomé e Morales Hidalgo. Suporá por tanto un espazo humanizado de máis de 20.000 m² no centro neurálxico da vila.

Entre os obxectivos do proxecto está potenciar a mobilidade a pé e en bicicleta nunha zona con numerosos equipamentos administrativos e comerciais e eliminar o tráfico de paso polo centro urbano, reducindo así o ruído e a contaminación por $CO_2$ e mellorando a seguridade viaria.

# ACiP denuncia caos nos departamentos económicos do Concello de Ponteareas

ACiP lamenta a falta de xestión do goberno local, que aboca a moitos negocios do Concello ao peche.

Carrera, portavoz de ACiP, lembra que este grupo municipal presentou no Concello propostas para crear bolsas de axudas ao sector económico e social e que se aprobaron no pleno coas modificacións orzamentarias correspondentes.

A esta convocatoria de axudas, cun orzamento de 230.794€, podían acceder todos os sectores produtivos e económicos do noso Concello. Presentáronse 141 solicitudes pero no mes de decembro só se retivo no orzamento municipal 130.000€ dun total de 230.974€. O pago non está garantido. As axudas para paliar as consecuencias do COVID deberían estar pagadas antes do 31 de decembro e seguen a data de hoxe sen solucionar.

Para ACiP esta claro que o Concello empeza a ter dificultades económicas tal como denunciaban as súas as centrais sindicais nos pasados días.

# Asociacion "Ponteareas Saudable" recurríu auto da Fiscalía

A Asociación de Veciños "Ponteareas Saudable" acordou presentar recurso e ampliación dá denuncia ante Fiscalía, por constatar erros na información achegada a dito órgano por parte do Secretario do Concello de Ponteareas sobre o Decreto 260/1997, do 10 de setembro, de transferencia ó Concello de Ponteareas do Centro Social e dá Residencia dá Terceira Idade de Ponteareas, adscritos á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Denunciou que o secretario do Concello de Ponteareas "malinterpreta e oculta á fiscalía dito decreto", que recolle o "acordo dá comisión mixta creada polo Decreto 129/1996, do 29 de marzo, para o traspaso dos equipamentos sociais adscritos á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ao centro social e a residencia dá terceira idade, situados non termo municipal de Ponteareas, e os correspondentes recursos persoais, materiais e orzamentarios".

Considera igualmente que o goberno local tamén malinformou á fiscalía e a veciñanza ao afirmar que "os terreos foron transmitidos pola súa propietaria a unha fundación", que por non ter funcionado durante máis de 30 anos "poderían ser adquiridos formalmente polo Concello".

# EU e PP apoian aos traballadores do concello ante a falta de pagamento de complementos

O Grupo Municipal do PP lamenta que os traballadores públicos non estean a percibir no seu salario o importe que lles corresponde, debido á nefasta xestión económica do goberno.

"Levamos tempo advertindo que estamos en números vermellos. O bipartito BNG-PSOE executou unha subida de soldos a concelleiros e altos cargos, fai contratacións a dedo, gastos innecesarios, pero non está a cumprir cos traballadores que xa están en persoal nin cos provedores, aos que non se lles paga no prazo que marca a lei. Imos solicitar a comparecencia urxente do concelleiro de persoal para que aclare desde cando e porqué o persoal deixou de percibir estes complementos", informan os populares. O PP solicitará tamén que se tomen medidas drásticas para sanear as contas e non vivir no permanente endebedamento.

Tamén Esquerda Unida apoia as reivindicacións do comité de empresa do concello con respecto á retribución dos complementos

No mes de setembro de 2018 aprobábase un novo convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ponteareas despois de que permanecera sen actualizarse dende 1999. A aprobación deste novo convenio debeuse á firmeza da representación sindical e tamén hai que dicilo, pola presión de Esquerda Unida sobre o goberno municipal para forzalo a sentarse coa representación sindical. Dende Esquerda Unida lémbranlle ao goberno de Ponteareas que o convenio é lei e que resultaría penoso que a representación do persoal do concello tivera que recorrer aos tribunais para facelo cumprir.

# O PP sospeita que o goberno local segue sen aplicar a ordenanza actual que bonifica o pago de plusvalías

O Grupo Municipal do PP denuncia o deixamento que o Goberno local do BNG e PSOE primeiro por ter un acordo adoptado pola Corporación municipal en novembro de 2017 para eximir do pago de plusvalías aos veciños, ata outubro de 2019, sen publicar no BOP, e agora por estar en vigor hai ano e medio e sen actualizar na web municipal, ocasionando confusión aos veciños.

A non publicidade, aumenta a gravidade, ao impedir aos veciños que liquidaron este imposto desde o ano 2017 o poder reclamar e solicitar a devolución das liquidacións efectuadas durante ese tempo de transición. Esta iniciativa partiu dunha moción proposta polo grupo do PP primeiro no ano 2016 e posteriormente no 2017, contando en ambos os casos con toda a Corporación municipal a favor.

O Grupo Municipal do PP solicitará acceso a todos os expedientes que se estiveron tramitando desde o ano 2019 porque nos tememos que esta non publicitación da ordenanza estea tamén ligada á non aplicación da exención correspondente, agravándose aínda máis a situación que xa se produciu durante dous anos, do 2017 ao 2019, e que agora obriga ao goberno local a devolver os impostes recadados.

"Non sabemos se é por deixamento ou porque realmente segue sen aplicarse a bonificación da plusvalía, o certo é que na web oficial do Concello de Ponteareas a ordenanza segue sendo a antiga. Solicitaremos información do últimos impostos emitidos en relación a esta ordenanza".

# O PP denuncia inacción municipal no saneamento de Ribadetea

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) lamentou que o goberno municipal de Ponteareas continúe sen facer nada en relación ás xestións para o saneamento da parroquia de Ribadetea.

PP Ponteareas solicita coñecer as xestións realizadas no saneamento en Ribadetea, criticando a posición do goberno municipal de adxudicar á Xunta de Galicia o custe do mesmo cando corresponde ao Concello de Ponteareas.

# Ponte Solidario denuncia inacción na loita contra a pobreza en Ponteareas

A Asociación Ponte Solidario denunciou a actitude mostrada por parte do goberno municipal no Concello de Ponteareas no Consello Sectorial Social celebrado o pasado 23 de marzo, en que as representantes do BNG e do PSOE culpabilizaron ás persoas da súa situación de pobreza material e utilizando termos como "reeducar".

Este colectivo informou á concelleira de Benestar Social en agosto de 2020 da situación de extrema gravidade de quince persoas da vila que se atopan en situación de senfogarismo. Denunciou así mesmo a inacción desta Concellería para aportar solucións, salvo a promesa de acollelas en "casas dos mestres".

Tamén criticou como o anterior goberno do Partido Popular normalizou a pobreza en Ponteareas e aplicou medidas caritativas que agravaron a realidade social da vila. A crise sanitaria, social e económica da COVID 19 supón un reponte significativo de persoas que se atopan na pobreza material severa, en situación de exclusión social ou sen fogar.

# Ata o 7 de maio poderase solicitar praza na Escola Infantil Municipal

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, informa que na páxina web do Concello xa están a disposición das familias os impresos para solicitar praza na escola infantil municipal.



Do 5 de abril ao 7 de maio estará aberto o prazo para presentar solicitudes todas aquelas familias con fillos e fillas nadas a partir do 1 de xaneiro de 2019. Poderán solicitar praza na Escola Infantil Municipal nenos e nenas con idade entre os 3 meses e os 3 anos.

Por ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenas e nenos con discapacidade física, psíquica e sensorial. Neste suposto, poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia destas nenas/os un ano máis, fóra dos límites da idade.

Os impresos de solicitude deberanse cubrir preferiblemente por vía telemática na páxina web do Concello de Ponteareas (https://ponteareas.gal/tramites-e-impresos/matricula-escola-infantil-2022/)

Tamén se poderán recoller na Escola Infantil Municipal, das 9 ás 14 horas, mediante cita previa telefónica no 673 794 789. Neste número poderanse realizar consultas no horario sinalado.

# Ponteareas lanza a plataforma escaparate 'Fai Ponte Con Nós' para a promoción do comercio local




Ponteareas vén de estrear escaparate.ponteareas.gal, unha novidosa plataforma escaparate para o comercio local coa que o Concello busca apoiar á veciñanza e ao comercio de proximidade nestes tempos de cambio.

A concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, afirmou que "nun momento de auxe da venda en liña por mor da pandemia, Ponteareas aposta por acompañar ao comercio local no salto á dixitalización, e facémolo empregando un modelo diferente, combinando información dos comercios e hostalaría, con fotografías e vídeos dos estabelecementos, xa que son os verdadeiros protagonistas desta iniciativa".

A web, moi doada de usar e intuitiva, consta de catro grandes bloques: Fai a túa busca; Visualiza o estabelecemento; Contacta co estabelecemento e Bloque de actualidade, que irá cambiando en función das novidades e iniciativas que afecten ao comercio local de Ponteareas.

Este escaparate virtual nace do "Plan Dixitaliza o teu negocio", que a concellería de Promoción Económica puxo en marcha para o sector durante o confinamento. Por este motivo, actualmente a plataforma conta con 58 estabelecementos adheridos, divididos en catro categorías: comercio, servizos, alimentación e hostalería.

A concelleira nacionalista informou que "dende o Concello continuaremos realizando traballos de dinamización do portal, xa que o obxectivo é que todos os comercios e estabelecementos da vila que estean interesados en participar no proxecto poidan aparecer neste escaparate"

Orientada a darlle unha maior visibilidade aos negocios locais e promover así a compra neles por parte da cidadanía, a plataforma é totalmente gratuíta tanto para persoas usuarias como para comerciantes, estando costeada integramente polo Concello de Ponteareas e Banastra, a Federación de comercio, hostalaría e servizos.

# Ponteareas Pontebike Team realizou a súa presentación



O club ciclista Pontebike Team de Ponteareas, creado no ano 2020, presentou o seu equipo equipo de competición a nivel nacional nas categorías Cadete masculino e feminino, Junior, Sub23, Élite e Máster. As modalidades que participarán seran Enduro, Descenso e Xco.

Este equipo de ciclismo está patrocinado por empresas como Porto Martínez SL, Sportskids, Biziebike e Cadacan e o Concello de Ponteareas, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

# CEMIT Ponteareas ofrece novos cursos de balde

A Concellaría de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Ponteareas, abriu o prazo de inscrición dos novos cursos que oferta a Aula CEMIT para abril, en formato presencial e en grupos reducidos e con titorías online e offline.

Destacan así os cursos para maiores de manexo básico de Android, ordenador, navegación e correo electrónico, cursos en liña de iniciación ao Wordpress, ao procesador de texto Libreoficce, ao retoque fotográfico (Gimp) e a creación de publicacións na nube (CANVA).



# Ponteareas acomete a reordenación da mobilidade na contorna do complexo deportivo e o centro de saúde

A concellaría de Mobilidade e Tráfico, que dirixe Roberto Mera, anunciou a nova ordenación da mobilidade e do tráfico no entorno do Complexo Deportivo Álvaro Pino e do Centro de Saúde.

Mera explicou que, coas obras xa executadas e co pintado que se realizará nos vindeiros días, os desprazamentos a pé poderanse realizar con seguridade e comodidade. Os sentidos de circulación existentes en todas as vías de acceso ao Centro de Saúde e de saída serán de sentido único, o que permitirá gañar espazo para os peóns e crear máis prazas de aparcamento. A rúa Canteiro José Cerviño, que comunica a vila co barrio das Cachadas, pasará a ser de sentido único en sentido ascendente, cara o Centro de Saúde, o que permitirá crear unha nova senda peonil nun tramo de 300 metros. Ao mesmo tempo, na explanada situada fronte ao Restaurante Ponteareas aseguraranse os desprazamentos a pé seguros e cómodos para dirixirse tanto cara o Complexo Deportivo Álvaro Pino como cara o Centro de Saúde. Os sentidos únicos de circulación permitirán simplificar a circulación e mellorar a seguridade viaria.




Na Rúa Real, na zona da farmacia, ordenarase o espazo para asegurar a continuidade do itinerario peonil no tramo no que non existe beirarrúa, creando un espazo reservado para peóns e unhas prazas de aparcamento a carón da farmacia con limitación de parada a 10 minutos.

Estas medidas están "avaladas polos técnicos da Deputación de Pontevedra a través da Rede Ágora, e suporán seguir avanzando nunha mobilidade máis saudábel e segura, recuperando espazos degradados e poñéndoos ao servizo das persoas".

**O PP esixe un plan de tráfico**

O Grupo Municipal do PP lamenta a improvisación e falta de diálogo que está a ter Roberto Mera, "que abusando do seu cargo como edil responsable da ordenación do tráfico, fai unha política sen plans previos e sen acordar con veciños e empresarios da zona".

"Os veciños, comerciantes e usuarios destas zonas vense gravemente prexudicados pola decisión unilateral de eliminar dobres sentidos, prazas de aparcamento e reordenar o tráfico e a saída do centro urbano dunha forma pouco lóxica", critican os populares.

O Grupo Municipal do PP esixe, unha vez máis, un Plan de Tráfico adaptado e actualizado á situación real do municipio.

# Convocado o concurso do SAF

O Concello de Ponteareas sacará a concurso a continuidade na xestión do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), por un valor estimado de 5.249.520 euros e por un período máximo de 5 anos, dous de contrato inicial e outros tres en prórrogas dun ano cada un.



Segundo informou a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, unha vez rematado o período de concesión da anterior empresa adxudicataria, o convocouse o procedemento para a renovación deste servizo.

Na actualidade, o SAF por dependencia atende a 84 usuarios e usuarias, que aportan 2,5 euros/hora. Carrera explicou que a Xunta aporta 9,70 euros por cada hora de atención a persoas dependentes mentres que o prezo que o Concello ten que asumir é superior aos 15 euros por hora, producíndose polo tanto un desfase anual de 180.000 euros. No orzamento municipal 2021 reservase a contía necesaria, así como o compromiso de habilitar o crédito para dar cobertura á prestación deste servizo nos vindeiros anos.

# Inician as obras de renovación do campo de fútbol Alfredo Bautista Alconero

A concellaría de Deportes deu conta do inicio das obras de renovación do campo de fútbol Alfredo Bautista Alconero – Rey, integrado nas instalacións do Estadio Municipal de Ponteareas.

As obras, adxudicadas por un importe de 170.353,14 €, consisten na retirada do céspede artificial existente, na reparación do aglomerado asfáltico para corrixir deficiencias na planeidade do terreo de xogo, na instalación dunha base elástica con granulado de caucho sintético e na instalación do novo céspede artificial de última xeración. Ademais, inclúe a montaxe de bordes de seguridade e a instalación dun novo marcador electrónico de alta visibilidade.

"Con estas obras poremos fin á unha degradación do céspede que viña dificultando nos últimos anos a actividade física por parte dos clubs usuarios da instalación. ", indicou o concelleiro Miguel Bouzó.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com







# Proxecto para a mellora da mobilidade peonil no barrio do ferrocarril de Arbo

A Deputación de Pontevedra vén de dar luz verde en Xunta de Goberno á mellora da mobilidade peonil na intersección das EP-5202 e EP-5203, no barrio do ferrocarril, de Arbo. Cun orzamento de 663.200 euros, as obras serán financiadas na súa totalidade pola Deputación a través dun convenio co Concello, que aporta o 30% do orzamento cunha achega do Plan Concellos, e convértense no maior investimento do ente provincial en Arbo ata o momento. Con esta achega a Deputación dá prioridade aos peóns e peoas á vez que favorece a accesibilidade en toda a zona, revalidando así o seu compromiso coa mobilidade amable e sostible e a revalorización do espazo público como un dereito da cidadanía.



As actuacións levaranse a cabo nun tramo de case medio quilómetro situado entre a contorna da Capela de San Antonio e a estación de tren e comprenderán dúas zonas de actuación. Nunha delas, na contorna da capela onde entroncan as dúas estradas provinciais, instalaranse pasos elevados de peóns e peoas para darlles seguridade e realizaranse beirarrúas dun mínimo de 2,5 metros de ancho para enlazar coa zona de convivencia proxectada. Pola súa banda, dende o entronque das estradas cara a estación de tren de Arbo habilitarase a devandita zona de convivencia ao longo de 310 metros. Nela levarase a cabo unha senda cun ancho mínimo de 2,5 metros e plataforma única na zona de coexistencia de tráfico rodado e peonil, na que peóns e peoas terán preferencia.

Grazas a este investimento provincial melloraranse tamén as redes de abastecemento, saneamento e alumeado, apostando polo emprego dos recursos sostibles ao instalar 24 farois LED ademais de restaurar 12 unidades xa existentes.

# Arbo recepciona as obras de acondicionamento do sendeiro de pescadores

O Concello de Arbo, comunica o remate das obras de acondicionamento do Sendeiro de Pescadores, nas que se investiron 22.106,07 € subvencionada pola Consellería de Medio Ambiente e Vivenda da Xunta de Galicia.

O acondicionamento do sendeiro, consistiu na instalación de infraestruturas de madeira tratada nos tramos que fose preciso, como escaleiras ou pasarelas.Nos puntos con risco de caídas instaláronse varandas de madeira para garantir a seguridade dos usuarios.

A situación sanitaria marcada pola Covid-19 fai que este tipo de turismo rural sexa o máis demandado."Contamos cunha rede magnífica de sendeiros que moitos veciños aínda non coñecen e animamos a vir e gozalos porque de verdade que é unha marabilla a contorna natural que temos en Arbo" manifesta o alcalde do



Concello de Arbo, Horacio Gil

O sendeiro discorre en todo o trazado pola parte inferior da vía do ferrocarril, e atopase correctamente sinalizado.

A información e a lenda das rutas atópase en numerosas páxinas webs especializadas e na páxina web do Concello de Arbo, nas redes sociais do Concello de Arbo o no canal de Youytube, rutas que cada ano son visitadas por miles de senderistas e curiosos que queren coñecer de primeira man os cauces da Ribeira do Miño, as Pesqueiras e as artes de pesca da lamprea que é único en todo Galicia.











# A Cañiza estrea o seu Parque Central

O Concello da Cañiza vén de gañar un novo e moderno espazo público de convivencia para a veciñanza co novo Parque Central, unha obra que supón unha auténtica transformación na vila e que foi financiada con achegas do Plan de Reequilibrio e o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. A presidenta provincial, Carmela Silva, e o alcalde do municipio, Luis Gómez Piña, acompañados do deputado de Cooperación, Santos Héctor, e da corporación municipal, estiveron na estrea oficial deste equipamento no núcleo central do concello, que cumpre coa filosofía da institución provincial de recuperar espazos para a cidadanía.

Carmela Silva, subliñou que este emblemático parque "vai ser un lugar de encontro" e destacou o feito de que a placa conmemorativa cite "que é un lugar de convivencia, porque iso tamén marcha unha forma de transformar e construír concellos; ter lugares de reunión onde a xente se poida atopar e convivir. Iso crea un modelo de sociedade". Abundou en que a obra "é unha mostra da transformación que estamos a facer en toda a provincia"

